
Os termos para as cores en galego: unha selva por explorar*

Paula Teixeira Moláns**

Data de recepción: 18/01/2021 | Data de aceptación: 15/06/2021

Resumo:

O vocabulario das cores básicas en galego é un campo semántico que está por descubrir. Este artigo revisa dúas primeiras achegas nesta dirección: Villanueva Gesteira (2009) e Teixeira Moláns (2014), que exploraron o emprego deste vocabulario en diferentes xeracións de galegofalantes. Ambos os traballos concordan en observar marcadas diferenzas lexicais nos distintos grupos de idade. Con todo, estas investigacións documentan solucións léxicas dispares e só os datos de Teixeira Moláns apuntan cara á existencia de distribucións categoriais distintas. Á vista de estes traballos seren insuficientes e non concluíntes, na sección final expone unha serie de preguntas que unha pesquisa de máis envergadura debería responder. Finalmente, anúncianse as metodoloxías e algúns achados iniciais que esta tal investigación, xa en curso, vén de documentar.

Palabras chave:

Semántica; termos de cores básicas; galegofalantes.

Sumario:

1. Introducción. 2. A semántica da cor en galego. 3. Villanueva Gesteira. 4. Teixeira Moláns. 5. Comparación. 6. Novas liñas de investigación. 7. Conclusións. Referencias bibliográficas.

The colour terms in Galician: a jungle to be explored

Abstract:

The basic colour terms in Galician is a semantic field to be discovered. This paper reviews two first approaches to this: Villanueva Gesteira (2009) and Teixeira Moláns (2014), which explored the usage of this vocabulary across different generations of speakers. Both works agree on seeing strong lexical differences through the age groups. Nevertheless, these investigations attest different vocabulary and only the data in Teixeira Moláns point to

* Esta investigación conta co apoio do Arts and Humanities Research Council (Alba / Scotland).

** Orcid 0000-0003-4913-0319. p.teixeira-molans.1@research.gla.ac.uk. University of Glasgow. United Kingdom.

different categorical distributions. In view of these works being insufficient and inconclusive, the last section presents a series of questions that a more ambitious research should answer. The end of the paper announces that such research is already taking place and shares the methodology and some of the initial findings.

Key words:

Semantics; basic colour terms; Galician speakers.

Contents:

1. Introduction. 2. Colour semantics in Galician. 3. Villanueva Gesteira. 4. Teixeira Moláns. 5. Comparison. 6. New lines of research. 7. Conclusion. References.

1. Introducción

Para falarmos en termos semánticos, é preciso lembrarmos que o signo lingüístico está conformado por significante e significado. A respecto do significado sabemos que unha unidade conceptual ten unha certa extensión denotativa e tamén un prototipo, un mellor exemplo ou un foco. O campo semántico das cores refírese a unha realidade concreta: o espectro de luz visíbel, o cal, dependendo das linguas, é dividido nunha serie de categorías que, por súa vez, teñen un foco ou mellor exemplo. Neste traballo empregaremos a letra *itálica* para nos referirmos aos termos, etiquetas ou significantes, e as MAIÚSCULAS PEQUENAS para categorías, espazos designativos ou significados. Estas categorías ou significados concretos de referencia serán os nomes das cores básicas en inglés, os cales se converteron, para ben ou para mal, na metalinguaxe da disciplina da semántica da cor.

Cómpre tamén advertirmos que toda a discusión a seguir se refire ás cores básicas, isto é, aquelas que son independentes e non un subtipo doutra. Por exemplo, unha cor básica en galego sería o verde, a cal se pode definir como ‘cuarta cor do espectro luminoso, situada entre entre o amarelo e o azul’. Polo contrario, *esmeralda*, *caqui* ou *cor pistacho* son cores secundarias por seren tonalidades que se definen, neste caso, como ‘distintos tipos de verde’. Outro criterio fundamental para identificarmos un termo de cor básica é que se poida empregar para cualificar calquera tipo de realidade e non un só tipo concreto de obxectos. Así *moreno*, *tinto*, ou *gaxo* tampouco son termos de cores básicas¹.

Unha vez aclaradas estas nocións, pasamos a dar un pequeno contexto das diferentes correntes teóricas dentro da disciplina. A semántica dos termos para as cores básicas converteuse no tema favorito para o enfrontamento teórico e filosófico entre o relativismo e o universalismo lingüístico. Este enfrontamento tivo inicio co controvertido *Basic Colour Terms* de Berlin & Kay (1969, BK), no cal se defendía que todas as linguas desenvolvían os seus vocabularios de cor de acordo cunha unha orde universal determinada (1969: 3-5). Para alén disto, tamén se aseguraba que as sociedades máis avanzadas tecnoloxicamente tenden a teren vocabularios de cor nas fases máis avanzadas da progresión e que os vocabularios cromáticos máis sinxelos adoitan ocorrer en populacións illadas e pouco desenvolvidas (1969: 16).

As contestacións a este traballo cóntanse por centos e viñeron desde moi diferentes ángulos. Desde o relativismo lingüístico, autores como Wierzbicka (2006: 2-4)

1 Con todo, definir que é unha cor básica non é un cuestión doada. Para unha reflexión profunda sobre os criterios para definir a basicidade véxase Biggam (2012: 20-41).

argumentan que non pode existir unha orde evolutiva dos termos de cor, xa que a cor nin sequera é un concepto universal. Defende que existen linguas en que a tonalidade non é unha dimensión significativa, mais si o son outras propiedades visuais como o brillo, a textura, ou a alta visibilidade (Wierzbicka, 2008: 411-412). Desde a filosofía da linguaxe, Saunders & Brakel tamén atacaron ferventemente as bases teóricas e as metodoloxías do traballo de BK: por un lado, cuestionan a base científica de o ollo e o cerebro humanos estaren especializados en distinguir as cores primarias (Saunders & Brakel, 1997: 178); por outro lado, tamén critican que o espectro de cor empregado como estímulo na investigación de BK (Munsell) non represente o espazo da cor equitativamente e que resalte artificialmente as cores focais (Saunders & Brakel, 1997: 175), ben como que as 19 linguas en BK estivesen representadas por un único informante falante bilingüe en inglés (Saunders & Brakel, 1997: 169).

As constantes críticas fixeron que BK e o seus seguidores emprendesen unha investigación de máis envergadura chamada o World Colour Survey (WCS). Este macroproxeito, que analizou un total de 110 linguas de familias lingüísticas dispares e sen tradición escrita, necesitou décadas para se levar a cabo e non foi publicado na súa totalidade até 2009. As conclusións deste traballo seguen esencialmente a liña universalista de BK, mais desenvolven o seu aparato teórico, introducindo o concepto de *macrocategoría* ou o conglomerado de varias cores básicas nunha mesma categoría. A primeira conclusión do WCS é que todas as linguas localizan os focos das categorías nas mesmas rexións do espazo da cor. A segunda conclusión é que en vez dunha única orde evolutiva existe unha serie de posibles traxectorias. Con todo, aseguran que 80% da mostra segue a traxectoria A, mentres que das restantes se achán moitos menos exemplos. En definitivo, o universalismo continúa a soste que (i) a cor é un concepto humano universal, (ii) os focos das categorías tenden a apareceren nas mesmas áreas do espazo de cor e (iii) que todos os repertorios de termos de cor evoluíron seguindo este padrón restrinxido de posibilidades.

Por súa vez, os seguidores modernos do relativismo rexeitan estas teses uniformadoras e insisten na relevancia da diversidade lingüística, achegando a evidencia do impacto cognitivo que ten a distribución categorial das distintas linguas (véxase, por exemplo, Roberson, Davidoff, Davies & Shapiro, 2005; Roberson, 2005; Winawer, Witthoft, Frank, Wu, Wade & Boroditsky, 2007; etc.). Como nota final a esta sección diremos que nas últimas décadas estas dúas correntes foron facendo concesións e achegando as súas posturas. De feito, a opinión que está a gañar máis subscricións é que ambas as teorías poden ser totalmente compatíbeis. O traballo de Regier & Kay (2009) rexistrou que a linguaxe certamente afecta a percepción da cor, mais especificamente no campo visual dereito, presumibelmente debido á

activación das áreas relacionadas coa linguaxe localizadas no hemisferio esquerdo, e que, polo contrario, os estímulos recibidos no campo visual esquerdo tenden a se categorizaren dun xeito máis universal e sen interferencia da linguaxe. Estes autores consideran que o longo enfrontamento entre universalismo e relativismo lingüístico debe darse por terminado, a conclúíren que a categorización humana das cores está determinada tanto por forzas universais como polas características específicas das diferentes linguas e culturas.

2. A semántica da cor en galego

A semántica da cor en galego é un terreiro pouco explorado. Até a data parece que poucas incursións neste territorio: Villanueva Gesteira (2009) e as desenvolvidas por mi propia (2014, 2019). Por diversas razóns, estes contributos deben ser considerados preliminares e lonxe de ofrecer conclusións definitivas sobre como o galego divide o espazo da cor.

En primeiro lugar, en termos de representatividade, ambos os traballos recolleron datos nun contexto moi reducido: arredor de 20 informantes dun único concello (Cotobade e Carnota respectivamente). Este volume de participantes non é inusual en pesquisas de campo sobre a cor (cfr. Roberson & Davidoff & Davies, 2000) e tampouco o é o feito de recoller datos nunha única localización ou entre un único grupo social, como por exemplo estudantes dunha universidade (Lillo, 2018). Porén, tal tipo de mostra non é adecuada para estudar a nosa lingua. A sociolingüística do galego é complexa e a influencia do español é desigual ao longo do territorio e das diferentes dimensións sociais. Unha proba evidente disto é que os datos compilados por Villanueva Gesteira e os recollidos por min mostran importantes niveis de variabilidade nas escollas léxicas e, o que é aínda máis importante, na división en categorías. O feito de estes dous estudos non concordaren nas súas conclusións fai evidente a necesidade dunha nova investigación que envolva unha mostra de informantes maior e que estas persoas proveñan de diferentes áreas do territorio galego.

En segundo lugar, tanto o sinalado en Villanueva Gesteira (2009) como o exposto en Teixeira Moláns (2014, 2019) son aproximacións ao tema que foron deseñadas de forma a recolleren *etiquetas* para as 11 cores focais de BK e comparalas xeracionalmente. Ningún destes dous traballos tiña por obxectivo definir o espazo designativo destas categorías. Non se poderán coñecer as particularidades do vocabulario da cor en galego até se levar a cabo unha medición consistente da extensión semántica destes termos.

3. Villanueva Gesteira

O traballo de Villanueva Gesteira (2009) investiga a mudanza lexical no vocabulario da cor a través de tres xeracións. Como adiantamos máis arriba, este contributo está centrado no léxico, as etiquetas dos conceptos, mais non na súa designación. Canto aos estímulos empregados para a recollida de datos, Villanueva Gesteira menciona 16 cartolinas de cor: 11 delas representando as cores focais de BK e outras 5 descritas como “verde claro, azul claro, branco máis escuro, verde escuro e marrón máis claro” (2009: 173). Porén, non se proporcionan mostras destes estímulos nin as respostas correspondentes, o que impide sabermos con exactitude a que se refiren os datos en discusión.

Con todo, o artigo paga a pena. As formas léxicas documentadas no seu traballo de campo serían algúns dos termos candidatos para denominaren as cores básicas en galego á vez que ofrece unha análise con valiosos exemplos de mudanza lingüística e do impacto do contacto lingüístico neste campo semántico. Villanueva Gesteira (2009: 173) entrevistou 22 informantes provenientes de dúas áreas do concello de Cotobade, individuos que foron elixidos para representaren tres xeracións: 5 mulleres de máis de 70 anos, 5 mulleres e 5 homes de idade media non especificada e 7 persoas de idades entre 4 e 30 anos.

Os datos desta autora apuntan que no galego oral os termos *vermello*, *rubio* e *encarnado* están en declive e que o castelanismo *rojo* é o termo máis empregado para RED (2009: 175). As persoas informantes da primeira xeración declararon que ao primeiro usaban *rubio*, mais que máis adiante este termo se reservou só para cualificar obxectos, mentres que o castelanismo *rojo*, aprendido na escola, se converteu na etiqueta para o concepto en abstracto (2009: 175). A segunda xeración, que foi escolarizada consistentemente, mostra unha asimilación máis profunda do termo español (Villanueva Gesteira, 2009: 176). Porén, parece presentar variabilidade canto ao xénero de informantes: os homes aínda usan *rubio* aplicado a obxectos, mentres que as mulleres tenden a usaren *rojo* ou a galeguización *roxo* en todos os contextos. Por súa vez, a terceira xeración, escolarizada a partir dos anos 80 e instruída nas dúas linguas, mostra unha polarización de códigos, xa que responde ben co termo do galego estándar *vermello*, ben co termo castelán *rojo* (2009: 175). Villanueva subliña a falta de transmisión familiar deste vocabulario: a terceira xeración non emprega a palabra *rubio* propia da primeira xeración nin *roxo* da segunda, mais a forma léxica empregada na escola e nos medios de comunicación (2009: 176).

As palabras para YELLOW presentan un padrón similar. Villanueva Gesteira (2009: 177) explica que a xeración máis vella aprendeu primeiro o termo tradicional

amarelo e como o termo español *amarillo* foi adquirido despois e usado desde entón. Con todo, manteñen *amarelo* fosilizado en sintagmas tales como *vaca amarela*. A segunda xeración usa *amarillo* e só excepcionalmente *amarelo*. Contrastivamente, a xeración máis nova usa o termo do galego estándar *amarelo* aprendido na escola e mesmo corrixen os seus parentes de máis idade cando usan a palabra castelá.

O traballo de Villanueva Gesteira (2009: 179) afirma que o termo de cor básica para BROWN é *marrón*, o cal parece estar ausente da historia lexicográfica até tempos recentes, e estar a substituír o termo tradicional *castaño*. As persoas de máis idade usan *castaño* e son conscientes dunha mudanza recente cara a *marrón*. Esta nova etiqueta é o único termo de cor básica para a segunda e terceira xeración no estudo desta investigadora. Porén, algunhas mulleres usan *castaño* só en referencia aos ollos e ao cabelo e entenden que é particularmente inadecuado para describir roupa.

A autora tamén relata que, cando preguntou por un termo de cor básica para ORANGE, a primeira e segunda xeración necesitaron máis tempo antes de responderen (Villanueva Gesteira, 2009: 179-180). Explica que as informantes de máis idade non identificaron esta cor directamente e que tiveron problemas para lle atribuíren un termo. A súa resposta máis común foi *butano*, nomeando esta tonalidade comparándoa cun obxecto cotián. Outras informantes deste grupo etiquetaron esta cor como *rubio* ou *roxo* (RED) e un home da segunda xeración inclusive mencionou a expresión *roxo coma unha naranxa* na cal as laranxas son presentadas como o prototipo ou mellor exemplo de *roxo*. Villanueva Gesteira explica isto mencionando brevemente o concepto de categorías e afirmando que estas son diferentes para cada persoa. Remata subliñando o contraste entre a terceira xeración que claramente identificou esa tonalidade e a nomeou *naranxa* e/ou *laranxa*.

Villanueva Gesteira (2009: 180) recolleu igualmente *aborrallado*, *ceniza* e *gris* como termos de cor básica para GREY entre as participantes máis vellas. Porén, esas persoas son conscientes dunha mudanza recente cara a *gris*, o cal, á diferenza dos outros dous termos, está ausente na lexicografía até o século XX. A segunda xeración usa principalmente *gris* e *aborrallado* só para animais, mentres que o grupo máis novo emprega só *gris*. Este último grupo non ten un prototipo claro para esta categoría, o que contrasta coa primeira xeración, cuxo termo de cor básica, *aborrallado*, é un adxectivo derivacional de *borralla* e unha clara referencia ao prototipo.

Algunhas informantes idosas de Villanueva Gesteira (2009: 181) nomearon a cartolina PURPLE coa expresión *da cor do viño* e outras con *lila*, *malva*. A segunda

xeración usou principalmente *violeta*, mais tamén *malva* e *lila*. Os informantes novos usaron as mesmas etiquetas. Este grupo de idade coñece os tres termos, embora use só un; o resto son considerados equivalentes. A investigadora di que esta xeración equipara tales termos pola falta de familiaridade coas distintas especies vexetais a que fan referencia.

Canto ao significado, Villanueva Gesteira (2009: 176) nota unha mudanza nos prototipos. Porén, cómpre aclararmos que cando busca expresións comparativas do tipo *negro coma o carbón* parece procurar mudanzas nos referentes culturais en lugar de modificacións no foco da categoría dentro do espazo da cor. Así, a propósito de RED, comenta unha alteración de prototipo na cal a predominancia de *grana* na primeira xeración decae na segunda (onde convive con *laranja* e *tomate*) e finalmente desaparece na terceira que ofrece: *lume, sangue e tomate*.

O contributo de Villanueva Gesteira menciona unha mudanza nos obxectos prototípicos, mais non se fai ningunha referencia ás diferenzas cromáticas entre estes. Primeiramente, o feito de o prototipo de RED mudar das granas, a unha realidade moito máis complexa cromaticamente como é o lume non se analiza. En segundo lugar, non se fai ningún comentario para o caso en que unha persoa informante da segunda xeración equipara as laranxas e as granas como exemplos de RED prototípico (2009: 176). Alén de estes obxectos teren unha coloración dispar digna de mención, tampouco se explican as diferenzas en categorización a través dos distintos grupos de idade. Esa persoa informante da segunda xeración escolle as laranxas como un dos prototipos de RED mentres que para a xeración máis nova o mesmo obxecto é considerado o prototipo e o nome dunha categoría diferente.

É evidente que a análise de Villanueva Gesteira está baseada na aceptación das teses universalistas e evolucionistas de BK. En primeiro lugar, afirma que a xeración máis nova “responde ás 11 categorías focais” e que a primeira e segunda xeración “responde ben” ás 7 primeiras, mais ten problemas para reconecer o resto, particularmente o laranja (Villanueva Gesteira, 2009: 187); en tal marco argumentativo, estas 11 categorías son universais, ningunha outra organización categorial é posíbel. E en segundo lugar, tamén establece unha correlación de causa-efecto entre o número de categorías de cor e o nivel educativo dos individuos. A autora di que se a primeira xeración só reconece 7 categorías de cor é debido á nula ou escasa escolarización (Villanueva Gesteira, 2009: 187). Pénsase que é o acceso ao ensino en si o que outorga as 11 categorías, non a estrutura da lingua en que este se imparte, o que fai desenvolver estes conceptos. Non se considera sequera a posibilidade de o galego

tradicional poder ter unha categorización propia² e que a escolarización en español sexa a causa da diverxencia na categorización entre xeracións (cfr. Teixeira Moláns, 2019: 320).

A pesar de a noción de categoría non ser usada ao longo do texto, cando se fala de ORANGE, Villanueva Gesteira (2009: 179-180) afirma que as categorías son diferentes para cada persoa e que sente que se está a adentrar “nun terreo máis escuro”. O feito de que algúns informantes describan a cartolina ORANGE como *rubia* ou *roxa* menciónase só de pasada e é atribuído a idiolectos. Do mesmo modo, que dous de cinco informantes de idade sexan incapaces de daren unha etiqueta monolexémica para PURPLE non é analizado. A expresión comparativa ofrecida, *da cor do viño*, non está lexicalizada e parece equiparábel a dicir *da cor das berenxenas* ou *da cor dos pistachos* e suxire que para eses informantes esta tampouco é unha categoría de cor básica. Así, mencionando nas conclusións soamente os mecanismos como xeneralizacións de sentido de obxectos prototípicos (*butano* para ORANGE) ou creacións (*aborrallado* para GREY) con que estas cores son nomeadas exclusivamente, Villanueva Gesteira (2009: 186-187) está a suxerir que estas deben ser consideradas categorías independentes. Noutras palabras, está a discutir mudanzas nas etiquetas ou estratexias de nomeamento para as 11 cores prototípicas e a deixar atrás as voces disidentes que apuntan cara a unha segmentación categorial máis complexa.

4. Teixeira Moláns

O traballo de campo que desenvolvín en 2014 (Teixeira Moláns, 2019) tiña unha distribución da mostra de informantes e unha base metodolóxica diferentes das de Villanueva Gesteira. Esta circunstancia probabelmente explique a disimilitude nas conclusións destas dúas investigación, que doutra maneira serían, como veremos, maiormente compatíbeis. Os datos daquel estudo foron recollidos no concello de Carnota e na investigación solicitábanse termos para as 11 cores focais de BK, ademais de vocabulario para a cor dos ollos, cabelo, animais e algúns alimentos. O obxectivo era comparar a lingua das persoas máis vellas

2 Esta categorización non ten de ser necesariamente contraria á orde evolutiva de BK. Porén, en honra da verdade, en vez de dicir que falta ás persoas falantes de galego tradicional unha cor básica, ou que non recoñecen ORANGE, habería que describir o sistema do galego tradicional a través do concepto de macrocategorías, isto é, categorías que comprenden varias cores básicas. Así, como veremos máis adiante, baixo a etiqueta *vermello/encarnado/rubio/roxo* achamos unha macrocategoría, concretamente un MACRO-RED, que abrangue as categorías RED e ORANGE e, dependendo dos casos, algunhas áreas de PINK, BROWN e YELLOW.

(media 71 anos) coa da xeración das máis novas (media 24). Entrevistouse un total de 24 informantes: 12 individuos en cada grupo de idade en que o xénero tamén se representaba equitativamente. O estudo tamén empregou fotografías de obxectos, as cales están dispoñíbeis nos anexos de Teixeira Moláns (2014, 2019).

Canto ás etiquetas para cores básicas, os informantes en Teixeira Moláns (2014) empregaron a mesma etiqueta para BLACK, WHITE, GREEN e BLUE (*negro, branco, verde e azul*) a través das xeracións. Con respecto a RED, o castelanismo *rojo* foi mencionado por todos os participantes aínda que no grupo de máis idade tamén se usasen os termos *vermello* e *encarnado*. Para YELLOW a etiqueta máis común é o castelanismo *amarillo* coa excepción de dous individuos, un en cada grupo de idade, que contestaron *amarelo*.

Os datos deste traballo tamén apuntan cara a que *castaño* é o termo tradicional para BROWN mentres que *marrón* é unha incorporación recente (Villanueva Gesteira 2009; Teixeira Moláns 2019). Así, as persoas de idade flutúan entre os dous termos mentres as máis novas usan maioritariamente *marrón*. Con todo, detectáronse diferenzas dependendo do xénero: as mulleres de idade usaron *marrón* máis que os homes e só homes novos usaron *castaño* como termo de cor básica. Aínda así, cómpre termos en conta que a fotografía usada de forma a evocar unha etiqueta para esa cor era un xerseí e que algunhas mulleres en Villanueva Gesteira (2009: 179) expresaron a opinión de que *castaño* non é un termo axeitado para cualificar a roupa. Por tanto, se esta opinión estivese estendida, podería ter causado un número máis baixo de incidencias deste termo dado que as mulleres tenden a teren un vocabulario para a cor máis amplo e específico (Mylonas, Paramei & MacDonald, 2014) e tradicionalmente adoitan estar máis interesadas na roupa.

O termo para PINK foi nomeado unanimamente *rosa* excepto en dúas persoas de idade. Unha empregou a derivación *arrosado* e outra non considerou esta tonalidade unha categoría independente, mais cuestionaba se pertencía a RED ou a ORANGE. Cando se compilan todas as respostas a propósito das cores básicas derivadas e se clasifican segundo se etiquetan categorías independentes ou non, as diferenzas xeracionais tórnanse evidentes. Neste sentido, as respostas ás fotografías representando ORANGE e PURPLE foron os achados máis significativos en Teixeira Moláns (2014, 2019), xa que a xeración máis nova concordou plenamente en nomear ambas as cores con etiquetas independentes, mentres que a metade das persoas de idade non tiña unha etiqueta específica para nomear tales cores (ver figura 1).




Figura 1. Número de informantes cunha etiqueta específica para PINK, GREY, ORANGE e PURPLE. Datos de Teixeira Moláns (2014); figura extraída de Teixeira Moláns (2019: 304).

No tocante a ORANGE, 7 persoas novas usaron o castelánismo *naranja* e 5 a adaptación fonética *naranxa*. En contraste, as respostas das persoas idosas foron extremadamente heteroxéneas. Só 7 persoas de idade tiñan unha etiqueta independente para esa cor: 5 *naranja/laranja* e 2 mencionaron un obxecto común con esta cor: *tella*. O resto de informantes de idade clasificou esta tonalidade dentro doutra categoría de cor: YELLOW (3), BROWN (1) ou non deu ningunha resposta (1) (ver figura 2).




Figura 2. Respostas para o estímulo ORANGE. Datos recollidos en Teixeira Moláns (2014); figura de Teixeira Moláns (2019: 305).

O termo de cor básica restante foi testado coa fotografía dun casco de bicicleta PURPLE. Descubriuse *a posteriori* que a tonalidade de PURPLE usada non é unha das

máis mentadas como o foco de PURPLE na mostra de 20 linguas de BK, senón que sutilmente estaba máis perto de BLUE no espazo da cor (Teixeira Moláns, 2019: 308). A pesar de esta tonalidade en concreto non ser considerada universalmente o mellor exemplo de PURPLE en BK, detectouse igualmente un forte contraste entre o absoluto consenso da xente nova incluíndoa nunha categoría independente e, de novo, grandes niveis de variación nas respostas das persoas de idade.

Alén do consenso absoluto en clasificar o estímulo na mesma categoría, 11 de 12 informantes de pouca idade tamén usaron a mesma etiqueta: *violeta* e só a persoa máis vella delas empregou o termo *lila*. En confronto, no grupo de persoas idosas só 5 tiñan un termo de cor básica para esta cor e usaron até 4 termos diferentes: *lila*, *violeta*, *morado* e *malva*. Finalmente, o achado máis impactante é que a metade das persoas de idade concordou en incluír esta tonalidade en BLUE e outro informante non deu ningunha resposta (ver figura 3).




Figura 3. Respostas para o estímulo PURPLE. Datos de Teixeira Moláns (2014); figura de Teixeira Moláns (2019: 306).

En conclusión, para a metade da xeración de máis idade ORANGE non sería unha categoría de cor independente e este podería tamén ser o caso de PURPLE (Teixeira Moláns, 2019: 308). Estes datos suxiren que estas áreas do espazo de cor incluíriáanse dentro dunhas categorías maiores: MACRO-YELLOW e MACRO-BLUE respectivamente. Con todo, unha investigación máis extensa e empregando unha metodoloxía especializada podería reformular estes achados como veremos máis adiante.

5. Comparación

Ambos os traballos documentan exemplos de termos que son máis usados por homes que por mulleres, cal é o caso de *rubio* en Villanueva Gesteira e *castaño* en Teixeira Moláns. Isto podería explicarse polo feito de que as mulleres teñen unha maior tendencia a mudaren de lingua (Lakoff, 1975) o cal se ten documentado no claramente no caso galego (Gonzalez, 2008).

Se compararmos as abordaxes de Villanueva Gesteira e de Teixeira Moláns, podemos achar tamén diferenzas significativas canto aos termos empregados pola xeración de máis idade. No tocante a RED, o primeiro traballo documenta o termo *rubio*, en canto segundo atopa *encarnado* e *vermello*. A respecto de GREY tamén hai contrastes: *aborrallado* en Villanueva Gesteira vs. *gris* en Teixeira Moláns. O termo para ORANGE *butano*, documentado pola primeira investigadora, non aparece en ningún informante da segunda, e viceversa: *tella*, o termo específico detectado en Teixeira Moláns, tivo cero incidencias en Villanueva Gesteira.

No entanto, as diverxencias máis relevantes concirnen a división categorial. Como se mencionou máis arriba, ambos os traballos non rexistraron extensivamente a denotación destes termos a través do espazo de cor, mais usaron cartolinas representando os focos de cor tal e como expoñen BK.

En Villanueva Gesteira, os informantes que non tiñan unha etiqueta independente para ORANGE usaron o termo *rubio* ou *roxo*, por tanto dentro de RED. Polo contrario, os suxeitos en Teixeira Moláns que non tiñan un termo específico para esta cor usaron os termos *amarelo/amarillo*, subsecuentemente dentro de YELLOW. Isto pode apuntar cara a diferenzas individuais ou dialectais canto ás fronteiras categoriais entre RED e YELLOW. Porén, esta disidencia podería estar causada por diferenzas nos estímulos usados, mais non hai mostras dispoñíbeis dos materiais de Villanueva Gesteira para corroborar isto.

Do mesmo modo, os diferentes resultados en Villanueva Gesteira e Teixeira Moláns no tocante a PURPLE poderían deberse a unha ou varias destas circunstancias: (i) o uso de diferentes áreas da categoría como estímulo, (ii) diferenzas de facto nas fronteiras entre BLUE e PURPLE a través das xeracións ou (iii) a ausencia de PURPLE como categoría básica de cor nunha parte da poboación de máis idade.

A pesar de Villanueva Gesteira e Teixeira Moláns recolleren datos nunha única localidade e de contaren cun número similar de participantes, ambos os estudos difiren substancialmente na distribución destes. O obxectivo de Villanueva Gesteira era representar tres xeracións: a primeira estaba constituída por 5 mulleres de máis de 70 anos, a segunda por 5 mulleres e 5 homes de idade media non especificada e

a terceira estaba formada por 7 persoas de entre 4 e 30 anos. En confronto, Teixeira Moláns investigou a linguaxe das persoas de máis idade (cunha media de 71 anos) e o da xeración máis nova (media de 24 anos) e entrevistou 12 individuos de cada grupo. O feito de que en Villanueva Gesteira a xeración de máis idade estivese infrarepresentada podería explicar por que os seus datos suxiren vagamente as diferenzas en categorización que foron documentadas en Teixeira Moláns, usando unha mostra de informantes equilibrada.

6. Novas liñas de investigación

Por tanto, en vista de que a comparación destes traballos ofrece resultados provisorios e que deixa en evidencia a necesidade de novos estudos, preséntase a seguir unha serie de preguntas que poderán ser respondidas por futuras investigacións:

- En cantas categorías de cores básicas divide o espazo da cor o galego tradicional?
- Cales son os termos para etiquetar estas categorías? Mudan eses termos ao longo do territorio? A que realidades se refiren eses termos?
- Como mudaron esas categorías e eses termos co paso do tempo? Hai diferenzas entre o galego tradicional, o galego estándar e o falado pola xente nova?
- Que efecto está a ter neste vocabulario o contacto coas linguas globais?

As respostas a estas cuestións áchanse xa en proceso de enformaren unha investigación máis pormenorizada, a cal está a se desenvolver na Universidade de Glasgow. A metodoloxía inclúe: (i) un exhaustivo teste de daltonismo, particularmente útil para descartar deficiencias visuais en persoas de idade; (ii) unha serie de tarefas dirixidas á identificación de termos de cores básicas e ao mapeo da extensión semántica destas categorías; e (iii) unha actividade en que se solicita unha definición a unha serie de termos propostos, tanto tradicionais como de recente incorporación.

O mapeo da extensión semántica estase a levar a cabo a través dunha das ferramentas estandarizadas na semántica da cor como as cartolinas Color-Aid (Davies, Chaplin, McGurk & Greville, 1992; Davies & Corbett, 1994; Uusküla, 2011; Uusküla & Bimble, 2016), o que permite identificar a discrepancia xeracional canto ás fronteiras das categorías.

O proxecto-modelo desta investigación realizouse en setembro de 2020 no concello de Cangas. As respostas das 7 persoas participantes suxiren importantes

diferenzas xeracionais canto á extensión semántica en practicamente todas as categorías de cor. En concreto, os datos recollidos apuntan cara á confirmación dalgunhas das teses recollidas en Teixeira Moláns (2014, 2019), mais tamén se nortean cara á reformulación doutras. En concreto, os datos recollidos no proxecto-modelo parecen confirmar que, efectivamente, a maioría das persoas de idade carece dunha categoría independente para ORANGE. A nova metodoloxía, moito máis extensiva, permitiu identificar, porén, que eses individuos idosos non clasifican todo o espazo designativo de ORANGE como un MACRO-YELLOW, mais o dividen entre este e MACRO-RED. AS novas ferramentas tamén permitiron matizar o exposto en Teixeira Moláns (2019) canto á ausencia de PURPLE nas persoas de idade. Aínda que se documentase que con efecto existe unha rexión do espazo da cor que a xeración nova categoriza dentro de PURPLE e a xeración máis vella dentro de BLUE, iso non significa necesariamente que estas últimas carezan dunha categoría independente para PURPLE. Con todo, obsérvase que para as persoas de idade PURPLE ten unha relevancia cognitiva moito menos consistente do que o resto de cores básicas, ben como unha absoluta falta de consenso en como etiquetar esta categoría.

Tamén se identificou que para as persoas idosas certas categorías como BEIXE e GRANATE, a priori consideradas secundarias, poderían ter unha relevancia cognitiva máis elevada do esperado, o que revela a necesidade de as incluír na discusión das categorías de cores básicas.

Porén, tamén se confirmou que se fai preciso adicionar métodos alternativos como requirir a descrición de obxectos contretos ou contar coa definición de termos propostos para permitir que abrollen termos de cor tradicionais que viron o seu ámbito de uso reducido a realidades específicas como animais, cabelo, plantas, alimentos etc. Aínda que o uso contemporáneo deste léxico, contextualmente restrinxido, xa non permita consideralos termos de cor básica en sentido estrito, o seu estudo é fundamental para reconstruírmos a evolución histórica deste campo semántico. É preciso coñecermos a súa distribución denotativa no espectro cromático e avaliarmos o impacto que puido ter na súa decadencia que esa distribución non concordase coa doutras linguas presentes no territorio.

Un exemplo disto é o caso de *rubio*. Moitas persoas de idade aínda usan o termo *rubio* para describir o rubor da cara, a cor de certo gando e un espectro de cor de cabelo –mesmo hai quen opón *rubio* a *roxo*, que serían equivalentes ao *ginger* e *blond hair* en inglés. O espazo denotativo tradicional de *rubio* non engloba unha única cor básica, mais varias, isto é, é unha macrocategoría. Así, para as persoas idosas, *rubio* é un MACRO-RED e artículase arredor de RED, mais tamén inclúe outras cores adxacentes. Casos de MACRO-RED son non só moi comúns nas linguas do

mundo, senón que os universalistas venos como un dos pasos primixenios polos que toda lingua pasa na evolución do seu vocabulario de cor (Kay, Berlin, Maffi, Merrifield & Cook, 2009: 10-11).

En confronto, para as persoas novas, *rubio* é unha palabra cun uso contextual restrinxido que se aplica só ao cabelo, en concreto co significado de ‘cabelo amarelo’, o sentido principal da palabra homónima en castelán. Así, alén dunha importante redución do uso contextual, podemos ver tamén a mudanza do propio foco da categoría. Se o sentido tradicional de *rubio* tivese que simplificar a súa extensión semántica, a evolución máis lóxica sería pasar de MACRO-RED a simplemente RED. No entanto, a influencia do español bloqueou esta posibilidade e redirixiu a redución denotativa cara a YELLOW, o núcleo da categoría nesa lingua.

Canto ao léxico, este proxecto-modelo recolleu novas etiquetas para PURPLE nas persoas de idade e tamén sentidos cromáticos do termo *mouro* a ver coa vizosidade das plantas sen rexistro nas fontes lexicográficas. O traballo de campo desta investigación, realizado no verán de 2021, recolleu datos en distintos puntos da xeografía galega en prol de testar a extensión destes primeiros achados.

7. Conclusións

Como acabamos de ver, o campo semántico das cores en galego é aínda unha selva mesta por descubrir e para nos adentrarmos nela e explorarmos con rigor os elementos do seu ecosistema precisamos ferramentas específicas. Os traballos de Villanueva Gesteira (2009) e Teixeira Moláns (2014, 2019) permitíronos inventariar algunhas especies, mais necesitamos saber cal é a súa distribución no territorio, como se comportan e se relacionan entre elas, cales son as especies invasoras ou até que punto algunhas especies endémicas están en perigo de extinción.

As expedicións en curso permitíronos xa darnos explicación científica a espécimes misteriosos e case lendarios como *rubio*, tan antigos coma a selva mesma e que se volveron crípticos para os ollos modernos. Agora sabemos que se usa para se referir ao vermello, mais tamén ao castaño ou que até o cabelo louro non é o comportamento impredecíbel dun ser mitolóxico, mais unha macrocategoría arredor de RED, e que é un espécime gravemente ameazado. Só continuando con estas incursións e coñecendo en profundidade as criaturas do noso ecosistema poderemos estar en condicións de o protexermos.

Referencias bibliográficas

- Berlin, Brent, & Kay, Paul (1969). *Basic color terms: their universality and evolution*. Berkeley / Los Angeles: University of California Press.
- Biggam, Carole (2012). *The semantics of colour. A historical approach*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Davies, Ian, Chaplin, Catriona, McGurk, Harry, & Corbet, Greville (1992). "Color terms in Setswana: a linguistic and perceptual approach". *Linguistics*, 30, 1006-1103.
- Davies, Ian & Corbett, Greville (1994). "The basic color terms of Russian". *Linguistics*, 32, 65-89.
- González, Manuel (dir.) (2008). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. II. *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Kay, Paul, Berlin, Brent, Maffi, Luisa, Merrifield, William R. & Cook, Richard (2009). *The World Color Survey*. Stanford: CSLI Publications.
- Lakoff, Robin Tolmach (1975). *Language and woman's place*. New York; London: Harper and Row.
- Lillo, Julio, González-Perilli, Fernando, Prado-León, Lilia., Melnikova Anna, Álvaro Leticia, Collado, José A. & Moreira, Humberto (2018). "Basic Color Terms (BCTs) and categories (BCCs) in Three Dialects of the Spanish Language: Interaction Between Cultural and Universal Factors", *Frontiers in Psychology*, 9 Artigo 761 doi: 10.3389/fpsyg.2018.00761.
- Mylonas, Dimitris, Paramei, Galina V., & MacDonald, Lindsay (2014). "Gender differences in colour naming". En Anderson, Wendy, Biggam, Carole P, Hough, Carole, & Kay, Christian (eds), *Colour Studies. A broad spectrum*, 225-239. Amsterdam: John Benjamins.
- Regier, Terry & Kay, Paul (2009). 'Language, thought and color: Whorf was half right'. *Trends in Cognitive Sciences*, 13 (10), 439-446.
- Roberson, Debi (2005). "Color categories are culturally diverse in cognition as well as in language". *Cross-Cultural Research*, 39 (1), 56-71
- Roberson, Debi, Davidoff, Jules, Davies, Ian & Shapiro, Laura. (2005). "Color categories: Evidence for the cultural relativity hypothesis", *Cognitive Psychology*, 50(4), 378-411.
- Saunders, Barbara & Van Brakel, Jan (1997). "Are there non-trivial constraints on colour categorization?", *Behavioural and Brain Sciences*, 20, 167-179.
- Teixeira Moláns, Paula (2014). "A gama cromática en galego: análise semántica e sociolóxica". Trabajo Final de Mestrado. A Coruña: Universidade da Coruña. Dispoñíbel en <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/15719>.

- Teixeira Moláns, Paula (2019). “As cores en galego: as laranxas e as violetas pertencen só ao mundo vexetal”. En Marques, Maria Aldina & Sánchez Rei, Xosé Manuel (eds.), *Estudos atuais de linguística galego-portuguesa*, 293-230. Santiago de Compostela: Laiovento
- Uusküla, Mari (2011). “Terms for red in Central Europe. An arealphenomenon in Hungarian and Czech”. En Biggam, Carole (ed.), *New directions in colour studies*, 147-156. Amsterdam: John Benjamins.
- Uusküla, Mari & Bimler, David (2016). “How universal are focal colors after all? A new methodology to identifying focal color terms”. En Paulsen, Gedan, Uusküla, Mari & Brindle, Johnathan (eds.), *Color Language and Color Categorization*, 2-39. Cambridge: Cambridge Scholars Publishing.
- Villanueva Gesteira, María Dolores (2009). “O campo semántico das cores visto por tres xeracións”, *Estudos de Lingüística Galega*, 1, 169-188.
- Wierzbicka, Anna (2006). ‘Semantics of colour: a new paradigm’. En Pitchford, Nicola & Biggam, Carole (eds.), *Progress in Colour Studies*. Vol. 1 *Language and Culture*, 1-24. Amsterdam: John Benjamins
- Wierzbicka, A. (2008). “Why there are no ‘colour universals’ in language and thought”, *Royal Anthropological Institute*, 14(2), 407-425.
- Winawer, Jonathan, Witthoft, Nathan, Frank, Michael C., Wu, Lisa, Wade, Alex R., & Boroditsky, Lera (2007). “Russian blues reveal effects of language on color discrimination”, *Proceedings of the National Academy of Sciences*, 104(19), 7780-7785. Dispoñíbel en <https://doi.org/10.1073/pnas.0701644104>.